



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
QUINCE DE SETEMBRO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . CELIA ALEGRE MACEIRA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día quince de setembro de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (23/07/2014 e 26/07/2014).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o vinte e tres de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta así mesmo da acta da sesión extraordinaria celebrada o vinte e seis de xullo do ano que andamos, que se aproba tamén por unanimidade.

2º.- Acordo, se procede, sobre da aprobación inicial da segunda fase do Plan de Travesías da anualidade 2014.

Dáse conta do informe adoptado pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día doce de setembro do ano que andamos que di o seguinte:

“Dáse conta da circular da Deputación da Coruña comunicando a aprobación inicial da segunda fase do Plan de Travesías da anualidade 2014 integrada, entre outras, pola obra deste concello denominada *Mellora de Seguridade Vial na DP 8203 de Quintáns a Paradela P.K. 6,83-8,15: Código 14.1130.0005.0*; orzamento 127.661,01 euros.

Á vista das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do plan de



travesías 2012-2015, que foron aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión celebrada con data 26 de outubro de 2012 (BOP nº 217, do 14 de novembro de 2012) e segundo o disposto no punto 3.2 das ditas bases e co informe favorable da Comisión Informativa correspondente, propónse ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

A) Aprobar o proxecto denominado *Mellora de Seguridade Vial na DP 8203 de Quintáns a Paradela P.K. 6,83-8,15: Código 14.1130.0005.0*, cun orzamento de 127.661,01 euros, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don Julio C. Rojo Martínez.

B) Autorizar á Deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

C) Declarar a conformidade do Pleno cos presentes bases.

D) Comprometerse a aceptar a entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

E) Delegar no Alcalde -Presidente a formalización do correspondente convenio.

A Comisión de Asuntos Xerais por unanimidade dos asistentes informa favorablemente a citada proposta”.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

3º.- Acordo, se procede, sobre moción presentada polo grupo BNG pola defensa da pluralidade e participación política e contra a reforma electoral que pretende o PP.

Retírase da orde do día tal e como se acordou na Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o pasado doce de setembro.

4º.- Acordo, se procede, sobre da moción presentada polo grupo PP para apoiar a reforma de Lei Electoral e promover a elección directa do Alcalde.

Tal e como se acordou na Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día doce de setembro , retírase da orde do día.

5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

Con respecto ao rogo do PSdG-PSOE sobre da limpeza das árbores que invaden as beirarrúas, a Presidencia di que quere matizar que en Vedra se falou cos veciños afectados, e que o traballo se pode comprobar, que só quedan un par de sitios pendentes de cortar estando á espera de que o fagan, aproveitando para solicitarlle aos membros da corporación que se coñecen algún outro sitio que o fagan saber.

Polo que respecta ao arranxo da pista que vai de A Ponte das Cabras a Cacheiras di que xa fixo a petición verbalmente, dándolle unha marxe dun mes á espera de novas, e que de non recibir resposta se fará por escrito.

En canto aos rogos e preguntas do BNG, a Presidencia di que no tema das prazas do comedor do CPI de Vedra, que ao final agora en setembro concederon 14 das



16 que se solicitaron, e que segundo lle comunicou o director son as que realmente fan falta.

Adianta tamén que despois das festas do Patio, que se convocará aos voceiros dos grupos municipais, para unha xuntanza para falar de temas importantes para o concello, un deles da posible sinatura dun convenio coa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), posto que sería un tema importante para todos.

6º.- Rogos e preguntas

--Dona Lucía González do PSdG-PSOE expón que varios veciños lles comentaron que durante os meses de verán pasando por diante do punto limpo, distintos días aos da súa apertura (martes e xoves) puideron comprobar que se atopaba aberto, sen persoal de vixilancia nin traballadores municipais no recinto; téndose dado a circunstancia de que nalgunha ocasión ou ben había persoas retirando restos ou ben depositándoos sen control, cando ao seu entender existe un rexistro de entrada e saída de refugallos, sen esquecer o tema de seguridade que pode supor o acceso incontrolado de persoas, polo que solicita que no posible se corrixa esa situación dado que podemos atoparnos cunha desgraza persoal que non sería nada descavillado, que nos poida comprometer.

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que con respecto á pista que se vai asfaltar en San Xián, que vai de Quintáns á Torre, xa a AA.VV solicitou que cando se arranxase que se aproveitase a ocasión para eliminar un par de curvas importantes, unha delas sobre todo, que está detrás da casa de Carmen Cutrín que é bastante pechada, e que o veciño está disposto a ceder o terreo necesario, polo que solicita que se negocie con el.

Tamén expón que con respecto á solicitude da AA.VV de enterrar o cable de telefonía no campo da festa de San Xián, na última asemblea da AA.VV falouse que Telefónica propoñía retirar o posto e que a AA.VV non quixo. Di que falou co responsable da obra que lle informou que lle enviaran o presuposto da obra, pero que non lles falaron de enterrar o cable, e que endente que se se lle fixo a un veciño particular con máis motivos agora que lle afecta a varios veciños.

Conclúe ao fío das vinte horas e cincuenta e cinco minutos.